



Xente de aquí.

Caboverdianas en Burela

A foto que fala

Despois do asasinato da hondureña Berta Cáceres, agora matan de seis balazos ao mexicano Isidoro Baldenegro, líder rarámuri e defensor dos bosques da serra Tarahumara. Os dous foron gañadores do premio Goldman (o Nóbel verde). En poucos lugares é máis letal defender os recursos naturais ca en América Latina.



O trasno O diñeiro dos listos é o diñeiro dos pobres

Daniel López Muñoz



Pode soar un pouco antigo ese título, pero é máis que actual.

Os cartos públicos que se “desvían” a petos privados, a partidos, a espelidos, a paraísos fiscais, suízos ou tropicais... eses cartos claman ao ceo, porque son os cartos das familias traballadoras que pagan os impostos e chegan daquela maneira a fin de mes, e son os cartos que, a maiores, non se poden usar para asegurar aos máis indefensos, teito, coidados e pan. Tamén son os cartos que se quitan da

das extintas caixas galegas, que en plena vaga de recortes sociais, cando as súas entidades estaban en caída libre pola súa xestión de ineptos xogando a ser banqueiros. E, precisamente cando se estaba inxectando diñeiro público para salvarlas, eles seguiron considerándose os reis do mambo e regaláronse unhas prexubilacións de escándalo. Diñeiro dos pobres para financiar a ostentación, o estrago, esa desigualdade obscena que é antieconómica, que non fai

circulación en épocas de frío económico, xustocando a economía necesita que circulen, que cambien de man, que dinamicen a actividade. Triplo crime, polo tanto. Como mínimo.

Por iso está chea de razón a decisión xudicial de enviar ao cárcere aos directivos

máis que arrefriar a economía e aumentar a desigualdade parasita.

Teñen que cambiar certas cousas básicas. Deixémonos de andrómenas e escándalos mediáticos e farisaicos. O que hai que asegurar é que os cartos roubados, malversados, malusados... sexan efectivamente devoltos ao común, ao público, ao que todos controlamos. Que devolvan todo. E se non en efectivo, contra o seu patrimonio. Igual que os narcos. Porque está ben pedir perdón, por exemplo, polo do Yak 42, e estar conformes agora con que a administración indemnice cos cartos de todos e todas. Pero é o de sempre. Vanlles pagar ás vítimas cos cartos do común, eses cartos que non lles doen.

Porque seguimos sen saber como foron as contas daquela operación. Esa diferenza da que falan as familias entre os cartos gastados e os realmente empregados para contratar os avións soviéticos de saldo. Onde está a diferenza? Quen quedou con ela? Hai algo que agachar? É certa esa práctica xeral das facturas falsas?

Editorial A invernia moral de Europa

Os informativos estiveron saturados de climatoloxía, prognósticos e alarmismos. De acordo con que houbo temporal de neve en Xávea e de acordo con que houbo xente con DNI español que quedou incomodamente atrancada nunha autovía, dentro dos seus coches, pola nevarada. Mesmo hai quen pide dimisións.

Pero o problema humano, o escándalo de dimensións seculares, a vergonza que quedará na historia se hai quen a conte, é o que queda detrás desa “actualidade” dos nenos sen clase de Murcia, e está a tres mil quilómetros cara ao leste, nos campos de refuxiados de Grecia e os Balcáns.

O discurso da ultradereita europea penetrou pola porta de atrás e foinos mirrando o espírito

“Estamos indignados ao vermos como, malia as promesas, os refuxiados e os inmigrantes están varados á intemperie. Viven baixo a neve e a choiva xeadada, cun acceso limitado á auga quente, case sen calefacción, mentres as temperaturas baixo cero son insoportables”, denunciaba Clement Perrin, coordinador xeral de Médicos sen Fronteiras en Grecia.

O discurso da ultradereita europea foinos enchoupando. Penetrou pola porta de atrás e foi mirrando a sensibilidade moral dos pobos de Europa. É o mesmo falar de Trump. Decía o sociólogo Bauman que cando o primeiro ministro húngaro di “todos os terroristas son inmigrantes”, en realidade o que está comunicando, o que a xente realmente capta, é que “todos os inmigrantes son terroristas”.

É a desconfianza cara ao outro, o estraño, o descoñecido. Ese “estraño” vólvese o centro de atención. Aí ponse o foco para desviar a atención do problema real. Cal? Pois que os nosos líderes actúan coma monicreques incapaces de facer fronte aos grandes poderes económicos privados. Como aceptar, por exemplo, o que pasa no Estado español coa factura eléctrica? Como aceptar esa resignación fronte a uns xigantes enerxéticos que teñen millonadas de beneficios especulando cun ben de primeira necesidade? Como aceptar iso en Galicia, que é excedentaria en electricidade e soporta todas as consecuencias da súa xeración?

Iso sen citar a banca, as tecnolóxicas, as farmacéuticas... A sensación de impotencia e incerteza sobrecóllenos e arrepiáanos. Poñer o foco “nos estraños” desvía a atención do público e, de paso, tranquiliza a nosa conciencia mentres os vemos morrer de frío.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Un corazón sen portas. Disto falaba unha canción de misa das que cantaba cando era mozo e non tan mozo. Estamos en tempo de frío. Nas noites o termómetro baixa de cero graos en boa parte do noso contorno e custa moito abrir portas e ventás. É que fóra vai moito frío, e o que presta neste días é pechase ben na casa e tomar algo quenteño. O caso é que hai moita, moita xente que queda fóra das nosas portas e que pasa moito frío. Xente que dorme na rúa ou que ten dificultades para atopar un acubillo. Xente que vén de camiño fuxindo dende a guerra e camiñando

entre a neve e as portas pechadas de Europa.

Pero o Papa Francisco ten claro que na Igrexa non pode haber xente que durma fóra. Que se deben abrir as portas aínda que entre un pouco de frío. E dixo varias veces que hai que abrir as portas das parroquias aos refuxiados. E hai igrexas que o están a facer. Empezando pola Igrexa de San Calixto no Vaticano que se converte nun enorme dormitorio cheo de camas, mantas...

É que podemos sentirnos moi satisfeitos da acollida que están a dar moitas igrexas do mundo. Non só no



inverno, tamén cando non vai frío pero os corazóns seguen conxelados. Oxalá pouco a pouco haxa máis parroquias que sexan corazóns cheos de vidas e sen portas.

1



3



2



4



A peneira

1

O 21, no solsticio de inverno, deixounos en Barcelona **AMADOR** Castro, da Insua de Taboada, fillo de emigrantes cubanos. Robustecía a súa fe e cultura con esta Irimia a carón da súa dona Maricarmen Moure. Moi xeneroso, na xubilación foi monitor de carpintería para toxicómanos recuperados na igrexa do Guinardó, onde foi despedido na fala da súa vida ao compás da "Negra sombra" de Rosalía.

2

Os Diplomáticos transmitiron en música o Monte Alto da Coruña, pero é a mercería de **MAICA** onde ten lugar un dos foros de debate sobre proxectos da cidade, como as Mulleres Colleiteiras, que recollen aceite para fins sociais. É a cidade con áreas de máis densidade de poboación, coma Novo Mesoiro.

3

MOZAMBIQUE celebrou o 1 o Día da Fraternidade Universal. Na foto, o vilalbés Alberte García-Basteiro, loitando contra a tuberculose nun país cunha esperanza de vida de 50 anos. É Investigador no Instituto de Saúde Global sobre as enfermidades asociadas á pobreza. En Africa e América, cada 25 segundos morre alguén polo dengue.

4

O **SÁHARA** é un exemplo de resistencia contra 40 anos de represión de Marrocos e contra as imposicións internacionais bloqueando o referendo de autodeterminación prometido coa complicidade do estado español, que non recoñece a súa traizón de vendelos a outro colono.

5



GLIFOSATO

7



6



DÍA MUNDIAL
de
TOLERANCIA CERO
a la
MUTILACIÓN GENITAL
FEMENINA

6 Febrero

8



Alfonso Blanco Torrado

5

Ecologistas como "Por Chantada" levan tempo loitando contra o herbicida glifosato, que espalla polo mundo a multinacional Monsanto, mesmo obrigando á súa prohibición no concello. A Organización Mundial da SAUDE denuncia os seus efectos canceríxenos.

6

O 6, "Xornada contra a mutilación xenital feminina". O país máis afectado é Somalia: sófrena o 98% das mulleres e nenas, onde no 2015 foron violadas/os máis de 2000 menores. O Parlamento Africano está a erradicar a ABLACION, que afecta a 125 millóns de mulleres.

7

A Rúa das HORTAS de Compostela ou a Praza Horta do Seminario de Lugo lembran hortas, cando sabemos que desapareceron en trinta anos 250.000 hectáreas de agricultura útil. A Asociación de Horticultura Urbana, liderada por Fátima Silva, ten na Coruña 4000 m2. e un manual de cultivo en macetas.

8

Nace CLUN (Cooperativas Lácteas Unidas: Feiraco, Irmandiños e Melisanto). Co 15% das entregas en Galiza, é a maior produtora e a que menos cobra do Estado, cun prezo inferior a 0,25 euros, que non dá para produci-lo. Esta situación vese agravada pola seca que afectou ao 40% do millo, herba, etc.

Economía Electricidade barata e pobreza enerxética

Pedro Pedrouzo Devesa

Nada apunta a que a electricidade deixe de ser cara, e non sería nada raro que no futuro seguise subindo o seu prezo. A produción enerxética en España repártese de forma proporcional entre hidráulica, eólica, nuclear, ciclo combinado, gas e carbón, quedando as renovables en posicións máis afastadas. De aí que, malia ser ampla e variada a orixe da electricidade, a enerxía renovable segue adolecendo dun escaso protagonismo na súa produción.

A privatización que sufriu o mercado eléctrico non posibilitou un mercado eléctrico real no que as empresas competisen por subministrar a enerxía da forma máis económica posible. Todos os indicios apuntan a que as eléctricas, escasas en número, teñen unha gran facilidade para acordar prezos que non sexan excesivamente gravosos para os seus intereses. A recente investigación que iniciou recentemente a fiscalía do Tribunal Supremo é outro síntoma da estafa eléctrica que padecemos.

O sector eléctrico está privatizado, está en mans de empresas privadas, pero non está liberalizado, é dicir, é un mercado regulado polo sector público ao tratarse dun ben estratéxico e fundamental na marcha económica da nosa sociedade. Pero a tímida regulación que sofre non nos garante un bo funcionamento dese mercado. Dificilmente funcionaría peor o mercado eléctrico en España se substituísemos esas tres grandes empresas privadas por unha única empresa pública: cambiar un oligopolio privado por un monopolio público podería traer máis vantaxes que inconvenientes aos usuarios. Entre outras cousas porque o goberno tería que asumir a súa responsabilidade dunha forma íntegra, en vez de sentirse impotente ante *os designios do mercado eléctrico*.

De todas formas, aínda que conseguíssemos uns prezos máis razoables para a electricidade, non deberíamos esquecer que se trata dun ben escaso, e que o seu prezo seguirá subindo segundo vaimos consumindo os recursos enerxéticos non renovables como o carbón e o gas. Estamos vivindo dos aforros de moitos millóns de anos de historia terráquea, e o modelo enerxético (todo) ten que mudar. A eficiencia enerxética deberá ser a base de calquera medida económica que tomemos, desde a forma de transportarnos polas nosas cidades ata a forma de construír os edificios.

Iso será o normal, a enerxía será cara. Pero non por iso ten por que custar o mesmo a toda a poboación. Deberíamos buscar formas que nos permitisen identificar a pobreza enerxética para abaratarlles o seu custo ás persoas que a sofren, ben con axudas públicas, ben con exencións fiscais ou mediante calquera forma que conseguise asegurar un prezo asumible e, ao mesmo tempo, evitar que o seu consumo non se converta nun abuso. Bonificar un consumo mínimo diario a partir do cal o custo enerxético sería idéntico ao resto da poboación, ou bonificar unicamente o custo fixo serían medidas que permitirían ás capas máis febles da poboación, especialmente os nenos e os maiores, non padecer os prezos da electricidade que dependen de moitos máis factores que o mero custo de produción.




a enerxía será cara, pero non por iso ten por que custar o mesmo a toda a poboación



Conmemórase unha nova festa da paz escolar; gústame polo fondo (que loxicamente é o que convoca), pero tamén por esa parte máis plástica e lúdica que, como ningún outro evento anual, logra concentrar a totalidade da comunidade educativa a prol da mesma causa. Aquí non hai reticencias, hai unha voz unánime que sae de millóns de nenos que piden vivir nun mundo de non violencia, que piden que os adultos exemplifiquemos os piares de paz diante deles para que eles poidan reproducilos e construír unha sociedade mellor, que piden que a vida sexa o mellor ecosistema para habitar nela, que lles piden aos seus gobernantes que os afasten das guerras e das súas consecuencias e que piden, con esas pombiñas de papel solapadas ao tecido da súa vestimenta ou colgadas do pescozo cun anaquiño de la, que o mundo os deixe voar en paz polo ceo da liberdade.

O 30 de xaneiro, declarado DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E A PAZ, únense todas as correntes do pacifismo que confluiron na figura de Gandhi como máximo expoñente contemporáneo da paz, para facer unha chamada mundial. Este ano escoitamos a voz das ONG alertando sobre a situación dos desprazados polo continente baixo o frío do inverno. Foxen das guerras. Tamén se recolle roupa e alimentos en diferentes puntos de Galicia. Alguén se preguntou por que chamamos refuxiado a alguén que non refuxia ninguén. É por iso que cada 30 de xaneiro, desgrazadamente, ten un ou varios motivos diferentes para non pasar por alto esta conmemoración, e desta volta non podemos pechar os ollos á realidade de Europa; sairemos á rúa, cantaremos con Serrat a canción do Mediterráneo, soltaremos as pombas e trataremos de concienciar nos de que a paz comeza nas nosas vidas e en cada un de nós.



O CARRABOXO *por ROBE LOIS*



Entrevista Quérennos en soidade. Téñennos en común

J. A. Martínez

Domingo 15 de xaneiro, Parroquia do “Cristo da Vitoria” en Vigo. Unha gran cantidade de persoas ocupan a zona do altar da igrexa. Unha pancarta é imperceptible desde os bancos: “Quérennos en soidade. Téñennos en común”. Diante deles, tres persoas van dar unha rolda de prensa, unha mesa presidida polo lema “Diego, absolución”: o párroco, Juan, a avogada Esther Lora, e Diego Lores. Con este acto iníciase un peche solidario, cunha duración de dous días, solicitando a absolución de Diego, acusado inxustamente por empurrar a un policía municipal dous anos antes nunha das protestas que tiveron lugar no barrio de Coia contra a instalación do barco Bernardo Alfageme, por parte do Concello de Vigo, nunha rotonda do barrio.



Ao día seguinte de realizar esta entrevista chegaba a nova da retirada da demanda da acusación particular contra Diego Lores, coa que se puña fin ao peche e se lle puña fin a esta acusación que tanta dor causou, mais que mobilizou activamente a tantas persoas, non só da comunidade de

xeito moi anormal, porque o normal é que a xente vaia aos xulgados, que a metan nos calabozos, e non teñan xente que os esperen, ou apenas teñan xente. A xente sofre individualmente o seu problema. Mais nós non podemos dicir máis que estar moi agradecidos con toda a xente que estivo moi pendente, preocupada, sosténdonos, en cousas moi básicas, desde preocuparse de como estabamos, nas actividades que facían ou nos temas xudiciais. Xa de pasar por isto, mellor pasalo así, con tanta compañía, que é unha alegría.

Xa de pasar por isto, mellor pasalo así, con tanta compañía, que é unha alegría

base de Coia, senón doutros múltiples colectivos e persoas individuais.

Xa hai máis de dous anos do inicio deste proceso. Como viviches este tempo?

Somos coñecedores dos tempos da xustiza, que son moi lentos. Foi moito tempo. Ás veces tranquilo, mais cando aparecían cousas sinxelas, como ir ao xulgado a facer non sei que, había un ruído na miña cabeza, que non te decatás que o tes, e que esas veces se activaba, en momentos moi concretos ou de exposición pública.

Moita xente achegouse hoxe para acompañar

Si, mais esta represión que estamos a vivir, co tema da rotonda, foi dun

Non te preguntas, ...por que me aconteceu a min?

Cando pase o tempo podereino ver con máis calma, mais isto que me pasou a min non é tan raro que nos acontecese. Levabamos un tempo facendo actividades incómodas para o poder, desde Coia, anos atrás desde a parroquia, e xerabamos incomodidades. Con anterioridade si que pensamos que algún día nos podía chegar unha multa, ou algo así. E mirabamos na prensa de xente doutros colectivos amigos, doutros lados do Estado, que os metían en procesos xudiciais por facer o que estamos a facer nós:



por elevar a voz, por nos xuntar, por resistir e por cuestionar. Cando me pasa a min eu entendo que é por estar metido nestas cousas. É claro que xerou medo, porque posiblemente, o que pasou na rotonda, hai 20 ou 30 anos o solucionarían con violencia e represión no momento, mais agora, con moito menos esforzo, collendo a un, dous ou tres, por moito menos, collendo a Suso ou a min, meteron medo ao movemento e acaláronnos, polo menos nun primeiro momento.

Mais no que si tivemos acerto, unha vez recuperados, e xa que estabamos metidos nisto, foi en aproveitar estes últimos tempos máis próximos ao xuízo, como é con este propio peche, onde a xente ía ter a mirada volta para nós, pola represión que sufrimos, para falar do que queremos, da alternativa de cidade que queremos, de como dar resposta á desigual distribución da riqueza, de que tipo de políticas son necesarias para dar resposta ás necesidades de todas as persoas.

Convertedes o peche nunha oportunidade...

Si, porque a finalidade deste peche é isto, xuntarnos, e tamén alimentar as relacións que se viñan establecendo entre os diferentes grupos de persoas nos últimos anos, e que se visualizaron na rotonda: había xente de diferentes

xeracións, moita do barrio e da parroquia, mais tamén doutros grupos, do independentismo, do anarquismo, xente do barrio que non estaba politizada e que non participaba en ningún movemento, canda xente de partidos, sindicatos. Era un grupo moi diverso. E este peche serve para alimentar estas redes, as relacións, coñecérmolos máis, para a partir de aquí xerar algún tipo de dinámicas, que tampouco queren ser moi pretenciosas, senón seguir traballando desde abaixo e ir creando pequenos espazos liberados do sistema.

O acerto, se é que o temos, con este peche, e este: celebrar que “Xuntas somos máis fortes” e aproveitar, xa que nos poñen algún micrófono e nos sacan algunha foto, para dicir o que queremos.

Visto con distancia, semella que pagou a pena

A loita si que pagou a pena, ou a ledicia, como din moitas compañeiras. Miña nai dime: “a ver se agora non andas tanto en líos”, e eu dígolle, en broma mais moi en serio: “eu non me metín en líos: metéronme a min en líos, a policía, o goberno municipal”. Tiñamos dúas opcións: metérmonos na casa e dicir “que pena polo que

meten á xente en xuízos por elevar a voz, por nos xuntar, por cuestionar

nos pasou, que mala sorte”; ou pensar que xa que nos pasou, teremos que xestionalo, e seguir adiante, levalo con dignidade, con ledicia. Xa que temos que pasar por este camiño, pois



Entrevista Quérennos en soidade. Téñennos en común



poder seguir falando das cousas que queremos e xuntámonos coas persoas que nos apetece.

Na rolda de prensa da mañá falastes da acusación particular, a única que se mantén, do policía municipal. Non é tanto unha represión xenérica, senón que hai persoas detrás.

Existe un ambiente de represión xeral, boa proba é toda a actuación do goberno municipal, xa que sen ela non se entendería todo isto. Despois si que se personaliza en persoas concretas. Eu teño a teima de saber como estará a vivir o policía todo isto, que pensará el de toda a situación, como o leva. É un rapaz moi novo, fillo e neto de policía, que supoño que lle veu grande xestionar todo, que puidese entender isto coma un fracaso. A policía local non está preparada nin dentro das súas funcións está o de actuar como antidisturbios. Pode que estea ferido no seu orgullo profesional ou persoal e non é quen de recoñecer a situación. Entre outras cousas porque el non paga o avogado, cúbreo a policía ou o seu seguro, ou quen sexa. El non vai pagar, gañe ou perda.

E a tres días o xuízo, a que te enfrontas? Como o enfrontas?

Un delito de atentado contra a autoridade e de lesións. Unha petición de 3 anos e medio e máis de 30.000 € de multa. O que pasou neste proceso é inhabitual, que a fiscalía pida o sobreesamento, e iso que a testemuña, que é policía, ten presunción de veracidade.

temos a opción de metérmonos na casa ou levalo con dignidade e con ledicia

Isto é moi raro que pasase. Eu creo que vai acabar ben, aínda que a verdade, unha cousa é o que o que nos pode parecer, mais o xuízo é unha cousa técnica. Por iso, afróntoo con nerviosismo. Eu teño que ir alí, a contar o que pasou, acompañado, como estou hoxe. Mais claro que existe nerviosismo, ante o mundo xudicial, no que non me manexo, medo ante o descoñecido. Mais estou confiado, polos feitos, polo que pasou, e pola cantidade de agarimos que hai.

Remate a cousa ben ou non, como dicía Juan, hoxe, aquí hai máis de dous anos metidos nesta historia, de

sufrimento, para moita moita xente, e algunha que o pasa peor que outra, coma os meus país.

Fálase dun aumento da represión, e que este xuízo responde a un intento de criminalización dos movementos sociais, onde ti serías unha das caras visibles de todo o conflito pola instalación do barco na rotonda de Coia.

Esta situación non é escollida. Estamos nun momento onde un rapaz do barrio, por facer cancións de rap, acaba de ir á Audiencia Nacional. Outro rapaz que pasou pola rotonda, por escribir algo no twitter, tamén foi. Despois está a xente de Causa Galiza, que tamén pasaron a AN e cun nivel de violencia moi potente. Esta é a situación na que estamos. Ou te metes na casa, vas mercar a Zara, Carrefour, ver os partidos do Celta ou non sei quen, ou todo o que se saia de aquí, ou mesmo por non ter capacidade de consumir, vas estar criminalizado. Isto é como cando vas ter un fillo, que ves moitos carros de bebé, para min foi o mesmo: neste tempo non paro de ver casos como o que me aconteceu. Mira, o outro día, o caso dunha

rapaza por facer un chiste sobre Carro Blanco. Estamos nun momento no que non se pode dicir nada e apenas te movas vas estar sancionado. Se queremos escoller un estilo de vida que pensamos que nos dá folgos para seguir adiante, porque entendemos que se poden facer as cousas xuntas e xuntos, desde abaixo, en comunidade, e porque nos apetece vivir desde aí, dando un sentido á nosa vida, somos conscientes que iso vai ser penalizado. O momento é este, con pouco que fagas, vas acabar nun xulgado.

O noso taboleiro

Coloquios con Ugo Biggeri, da Banca Popolare Ética

Máis alá do mito do crecemento: Banca, finanzas e ética. Tal é a proposta para os coloquios que se celebrarán en Vigo e Compostela, arredor do tema da banca ética e as súas razóns e argumentos.

Convídasenos a un debate crítico sobre as finanzas e a súa relación coa globalización, o cambio climático e a orixe da crise. Tamén sobre as posibilidades dun cambio que evite no futuro a repetición de aventuras especulativas como as que deron como resultado esa inmensa operación de rescate, cos cartos dos contribuíntes, dunha serie de entidades bancarias xestionadas cunha mestura explosiva de cobiza e irresponsabilidade.

O coloquio, en Vigo, celebrarase no marco das actividades do Club Faro de Vigo, o 10 de febreiro, venres, ás 20 h. no auditorio municipal do Areal. Peru Sasia, presidente de Fiare Banca Ética en España presentará a Ugo Biggeri, presidente de Banca Popolare Ética.

O coloquio en Compostela celebrarase o sábado 11 de febreiro, na Facultade de Filosofía ás 19,00h.



Ler para camiñar

La noche de la Usina

Juan Antonio Pinto Antón

Deste novelista ou contador de historias arxentino, Eduardo Sacheri, soa *La vida que pensamos* ou *El secreto de sus ojos*, que, levada ao cine, lograría o Oscar á mellor película estranxeira en 2010. Pero o de agora éche outra cousa. *La noche de la Usina*, absolutamente delicioso, foi premiado co Alfaguara 2016.


Un escenario na pampa para un humor fresco e ás veces cheo de rabia contra o que é inxusto. Ou a rebelión dos perdedores de sempre, os que acaban tirados na beirarrúa por aquel 'corralito', os prescindibles nesta globalización, os 'desechables' en cada crise. Que crise? A nosa ou a deles? Hai xentiña así, que transita polas crises como se fose o xogo da oca: sempre lles toca.

Na Arxentina de 2001, en pleno 'corralito', queda atrapado un grupo de perdedores. Velaí este grupo de quixotes miúdos nun pobo condenado á decadencia, xuntando aforros para montar unha cooperativa

e construír un pouco de futuro para todos. Emprendedores, diría agora a relixión neoliberal. E de como os seus dólares acaban no peto dun estafador e coñecido cacique. E de aí ata o desfondamento, a baixada cara á derrota pero nunca á indignidade.

E agora, agora veñen as aventuras e desventuras destes personaxes entrañables para recuperar o aforrado, para volver a construír un soño, a urdidura dun plan que ten máis da xustiza ca de vinganza para recobrar o diñeiro. O plan abracadabrante, máis cerca da comedia de enredo ca do drama, perpetrado por esta xentiña, é toda unha narración coral, chea de equívocos e xogos de palabras, un calidoscopio do enxeño dos pobres e un canto á súa redención social.

Que ben escribe este Sacheri! Que ledicia ler ata acabar entendendo os xiros da linguaxe! O humor e a retranca, a suma de personalidades tan diferentes, tan feramente humanas, para compoñer este retablo de perde-



dores de todas as crises, de gañadores de decencia humana, 'boludos e pelotudos pero xamais fillos de puta'.

Para ler, para gozar. *La noche de la Usina*. De Eduardo Sacheri.

Manuel G. Turnes



Antonina de Cangas

Adoita falarse da inmigración polo sufrimento que xera o peche de Europa aos que foxen da guerra, por conflitos con inmigrantes de segunda xeración falsamente integrados, ou atentados responsabilidade dun cidadán de orixe non europea. Nosoutros queremos dar visibilidade a esoutros casos exitosos nos que alguén de fóra se integra nas nosas vidas sen case decatármonos da naturalidade coa que ocorre. Falamos con Antonina Semedo (ou de Cangas, como é coñecida na Mariña Luguesa), unha caboverdiana que chegou a Galicia hai case unha vida, e forma parte de nós sen perder a súa identidade.

Díganos Antonina, por que veu a Galicia?

Eu saín de Cabo Verde cando xa o meu home estaba traballando aquí, na Alúmina. Eu quedara facendo unha casa e logo xa vin atrás del.

E el por que veu?

Andaba buscando traballo: cando casamos el traballaba en Portugal. Foi a Cabo Verde de vacacións, casamos e ao mes veu a Lisboa para traballar nunha fábrica, pero non lle ía moi ben. Dixéronlle que había traballo no País Vasco e aló foi, e despois de ano e pico xa veu para Galicia, traballar na Alúmina. Aquí encontrouse co mar, e enrolouse como mariñeiro, que el xa o fora en Cabo Verde. Chamoume e díxome que ía mandarme buscar porque ía coller para o mar. Cheguei aquí en xullo e foi ao mar en decembro.

Deixou a Alúmina logo...

Deixou, porque el traballaba na obra e a obra xa estaba para rematar. Foi dos primeiros caboverdianos que foi ao mar; el e mais outro.

dio fun plantar eucalipto ao monte e collín un cacho de terra e comecei a labrar... E así fun indo. Agora mesmo estou traballando nunha empresa que se chama San Roque como auxiliar de domicilio, con xente maior.

Está a gusto en Burela? Ou a medias?

Si, si, estou contenta. Teño unha filla casada cun galego, dúas netas, o fillo que teño na casa mais os amigos de Cangas de Foz, que é onde vivo.

A que pensa que se debe o éxito da súa integración, vistos os problemas que está habendo na actualidade cos inmigrantes en Europa?

Problemas sempre hai pero son cousas pasables, que tamén as hai no teu país, así que non son para dicir “non estou contenta”. Eu sonche das privilexiadas que non tiven problema practicamente con ninguén. Todo o mundo me quixo ben, se hai traballo hai para min tamén...

O idioma axudoulle?

Cando cheguei fun vivir cunha familia. O primeiro día o meu home foi traballar á Alúmina e eu quedei no

Non me mande negras, mándeme a Antonina

Vostede veu pensando en ser ama de casa ou en traballar? Que idea traía?

Estiven na casa durante un ano, a pícara naceu aos 10 meses de eu chegar a aquí. Aos 4 meses el tivo un accidente e quedou bastante mal, polo que comecei a traballar indo ás algas. Logo, tamén nun restaurante, sen deixar as algas. Estiven alternando así varios anos. Daquela collín unhas casas, despois comecei a coidar xente maior pola miña conta. Polo me-

meu cuarto sen saír. Cando abrín a porta atopei a señora da casa coa súa neta e saudoume en castelán, daquela todos lles falaban en castelán aos nenos para que aprendesen o idioma. Preguntoume se o meu home fora traballar, se almorzara... Entendía, só que non falaba moito. Como coidaba unha pícara de 3 anos e medio, logo aprendín o castelán e, ao pouco, xa falaba galego como o falo agora.

Pero vostede sabía portugués de Cabo Verde?

Non, alí falamos o crioulo, estudamos o portugués mais falamos o crioulo. Pero o crioulo que falamos en Cabo Verde é máis parecido ao galego que o propio portugués. E había moitas palabras parecidas: vaca, cabalo, faca, culler... non tiven problema.

Na súa vida en Burela, cando tiña que ir á tenda, por exemplo, en que falaba coa xente?

No primeiro tempo en castelán, logo xa en galego. A maioría da xente da casa onde vivía falaba en castelán e tamén aprendín moito nos libros, lía moitísimo, mais despois non: agora deixei o castelán completamente!

E que me conta referido á súa integración? Foi doada? Tivo problemas?

Teño anécdotas. Ao principio, o neno que che pasa a man e logo miraa a ver se manchas, se lle sae negra. Se che digo a verdade, desde que estou aquí, a cousa máis grave que me pasou foi hai dous anos. Eu, coa casa, comprei un anaco de terra cunha entrada que leva alí séculos e un veciño pechoume a entrada. Isto chamoume moito a atención, porque confiei nel e pensei que nunca me faría iso e deixoume cerrada. Teño unha terra alí que non ten entrada. É o dano que máis me fixeron aquí en Galicia, máis nada.

E que destacaría en positivo da xente que a recibiu?

Un dez. Un 100%. Toda a xente, agás ese veciño, o resto un 10. Se me pasa calquera cousa, todo o mundo pregunta: que che pasa? Queres que te levemos a algún sitio? Dígoche e digo sempre que desexaría ter un brazo moito máis longo para xuntar a xente, incluso practicamente España enteira, que por onde fun todo o mundo me quixo ben, para abrazalo. Sempre me levei ben con todos. Teño uns veciños asturianos cos que comparto parede medianeira e fixe-



Actuación de Batuko Tabanka

mos 29 anos en setembro: nunca tivemos un problema nin queixas de ninguén, nada máis ca con ese home que me pechou o paso. Apoiáronme economicamente, fisicamente, moralmente... en calquera sitio. Os meus veciños son como a miña familia e para eles, como se fose branca. Mira,

un cursiño xa de paso de corte e confección. Desde aí, nunca pensei que chegásemos tan lonxe. Xa nos levou a todos os sitios, podería estar contando ata mañá.

Cambiando de tema outra vez: tivo vostede ou outros caboverdianos algún choque cultural como se escoita

Todo o mundo me quixo ben, e houbo traballo para min tamén

eu traballo con xente maior, e moitas veces din: “ai, non me mande negras, mándeme a Antonina”. Non, eu non son negra, eu son branca! (Ri)

E que me conta dese grupo de música chamado Batuko Tabanka que preside?

Naceu un día que fomos comer todos xuntos e puxeron música de acordeón. Chámanlle o baile do funaná, e eu dixen: e por que non cantamos unha canción de batuko? E a dona do restaurante comentou: ai que cousa máis bonita, e por que non o facedes máis? Comezamos, o Concello apoiounos, deunos a tea e a costureira para facermos os traxes e fixemos

ás veces nos medios polos burcas das musulmás?

Non, porque todo o máis poñemos unha pañoleta, as máis vellas, pero máis nada.

E pensa que se debería permitir o burca?

Penso que si, estamos nun país libre e cada un que leve as súas cousas, os seus costumes, como quere. Temos que adaptarnos uns aos outros, non ten por que se meter ninguén con ninguén.

Pois moitas grazas Antonina, por contarnos a súa experiencia.

O noso taboleiro FESTA DO LUME 2017

4 de febreiro

(Sobradelo – Vilagarcía de Arousa)

Achégase a Candeloria e con ela festexaremos unha nova Festa do Lume. Este ano citámonos en Sobradelo (Vilagarcía de Arousa); no Salón Parroquial, ao carón da Igrexa. Alí acolleranos Daniel Espiño, párroco desta parroquia desde hai máis de trinta anos.

Como é habitual, a festa comezará coa Asemblea de socios e a renovación dos cargos directivos. Sempre é un bo momento para analizar o percorrido feito no último ano. E, tras un descanso, faremos a charla-coloquio que esta vez se centrará no mundo educativo. Para isto contaremos con:

- Alicia López Prado, mestra que nos falará do papel da escola no medio rural.
- Xulio César Iglesias Blanco. Salesiano que amosará as tendencias educativas no tempo libre.
- Josecho de la Torre Culler. A nova escola: o traballo cooperativo e por proxectos.

Unha vez finalizado o coloquio, faremos xantar compartido entre todos, para rematar coa celebración da Candeloria e, como vén sendo habitual os últimos anos, con algo de música.

HORARIOS

- 9:30 Café
- 10:00 Asemblea de socios/as de Irimia
- 12:00 Mesa redonda sobre experiencias educativas: o papel da escola no medio rural, as tendencias educativas no tempo libre e o traballo cooperativo e por proxectos.
- 14:30 Xantar compartido
- 16:30 Celebración da Candeloria

Este ano
vémonos en
Sobradelo
(Vilagarcía)



Xente de aquí.
Caboverdianas en Burela



EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripcións@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>



Boa Nova



Benvinda humildade

Xa estou vendo algún sorriso? Si! A ver que di esta da humildade porque polo que parece non ten nin idea. Se non, comprendería a grandeza de ser pequena, leiga, discreta...si, pode que me comprixe ser mesmo invisible, muda e paralítica, quen sabe. Son unha gran consumidora de consellos e amoestacións humillizantes. Levo toda a vida, supoño que moitos e sobre todo moitas de vós, cosendo feridas deixadas por telas oído ou desoído. Non imaxino que quen nolas regale nos queira mal pero nada me autoriza, tampouco, a dar por sentada a pureza da súa intención... e tanto me ten. Sabes, o que para ti é humildade non ten que selo para min, deixa que escoite a miña propia voz, ela sabe quen son.

E non aprendo, non hai maneira, e teño bo mestre.

Ti chamáchesme filla e a túa filla é quen son,

Un días chamáchesme irmá e sentáchesme a teu carón, compartiches comigo o teu arrecendo. Non me mandaches para a cociña, lémbroo ben.

O sal é o que son, A luz é o que son. Cada vez que escoito "ti es..." todo en min da voltas procurando o son mais puro; a voz do Amor cando di o meu nome non minte. Non contén xuízo nin ameazas, so amor.

Todas as veces que leo "vós sodes", "ti es", boto a tremar, como a luz do candil... "que mandas hoxe?" Irmás, e irmáns, non vos deixedes comer por falsas humildades, por obediencias indebidas que fan de nós insulso sal e luz agochada... apodrecida e perdida... inservible e inútil... para nós e para os demais. Termemos da luz da outra, do outro, limpemos o seu cristal porque só así haberá algo de claridade no mundo mais termemos na nosa propia. Deámoslle o nome santo que abrolla dentro de nós. Humildade e ser quen son, así, sen fachenda mais sen pelos na lingua.

E ti, como andas de salgado, salgada? Veña, contesta, dálle, a túa luz fai que medre a miña...

Christina

Ser sal, ser luz... Cantas veces entendín esta pasaxe como unha obriga!... Daquela só vía normas de conduta: non entendía nada!

Xesús fai unha afirmación obvia: somos sal e luz polo mero feito de ser, de estar no mundo. A nosa existencia está conectada coa do resto do planeta. Todo o que facemos ten que ver co coidado. Cada cousa que dicimos está afectando o noso entorno, a quen nos rodea. Somos sal, somos luz, porque vivimos interconectados con todo e con todos. A nosa forma de ser, o que dicimos e facemos... e o que non, inciden nos demais. Ser cristián é facerse consciente desta realidade, é vernos e ver o mundo non desde o noso embigo (que nos cerra en nós mesmos) nin desde o espello (barreira natural da visión periférica) senón desde a mirada do que temos ao lado. Son as persoas que nos rodean as que nos dan medida do noso ser no mundo, e nós dámos medida a aquelas persoas que pasan ao noso lado. No paraíso, Adán é consciente do seu ser cando a mirada de Eva lle dá medida de si mesmo (cantas veces nos contaron este encontro cargándoo de erotismo, sen pensar que se trataba do primixenio recoñecemento do propio ser na mirada do outro).

Somos sal e luz. Non hai verdade máis fonda. Como o sal e a luz, é fundamental caer na conta das persoas e bichiños que, ao noso redor, senten o noso sabor e se guían pola nosa luz... É indispensable vivir sabendo que somos ante e para os demais.

Marisa de Corme

A CLAVE

DOMINGO 5 DE FEBREIRO. V do TEMPO ORDINARIO

A PALABRA. Mt 5, 13-16

Naquel tempo, dixo Xesús aos seus discípulos: «Vós sodes o sal da terra. Mais se o sal se volve insulso, con que se vai salgar? Para nada vale xa, senón para tirar con el e que o pise a xente. Vós sodes a luz do mundo. Non se pode agachar unha cidade afincada na cima dun monte. Tampouco se acende unha lámpada para poñela debaixo da artesa, senón sobre o candeeiro, para que alume a todos os da casa. Alume así a vosa luz aos homes, para que, vendo as vosas boas obras, glorifiquen a voso Pai que está nos Ceos.»

A PALABRA

ECO

Falando da lingua E seguimos de movida...

Lidia e Valentina



Como o prometido é debido, aquí estamos de novo coas nosas “festas” e o noso “andar de festa” para completar o número que comezamos a semana pasada. Falamos da troula, da xolda, da folía e da foliada.

Hoxe imos comezar por un dos termos máis coñecidos para facer referencia á festa con aquel sentido de “diversión buliciosa”: a esmorga; pero esta palabra presenta o matiz de esaxeración, emprégase para falar dunha diversión esaxerada. A es-

vendo: algeirada, gandaina, chola, mais tamén presentan outras acepcións. *Algeirada* podémola empregar en “Menuda algeirada fan todos os sábados”, pero non ten que ver coas *algeiradas* que fan aqueles que realizan malas accións con engano e trampa, ou coas algeiradas que son sinónimo de “revolta ou rifa de pouca importancia”. Outra sería *gandaina* (“Andan de gandaina de día e de noite”) e que ten unha acepción que nos parece derivada: “ser un gandai-

morga máis famosa é a que protagonizaron os tres mozos que caracterizou Blanco Amor no libro que ten *A Esmorga* de título, unha das mellores obras da nosa literatura. Mais, polo visto, esmorga tamén pode significar “comida abundante que toman varios amigos xuntos”.

Hai máis palabras polisémicas que comparten a acepción de “festa” que estamos

na”; nome que se lle aplica a aquel que non quere traballar, que “non rasca bóla”. O caso de *chola* é algo diferente, porque varía segundo o verbo que leve diante: se *imos de chola* é que *imos de festa*, pero se *estamos de chola* é que *estamos* de broma.

Aínda que para nós o significado máis habitual de *rexouba* sería “Comentario que se fai con ánimo de criticar a aquel ou aquilo sobre o que se fala” (“Moito lle gusta rexoubar das veciñas”), tamén falamos de que “Pasou toda a semana de rexouba en rexouba”; é dicir, “de festa en festa”.

E aínda que sexa de uso coloquial, rematamos coa nosa coñecida *carallada* (“Estiveron toda a noite de carallada”). Claro que esta *carallada* non ten nada que ver con aquilo de “Non me veñas con caralladas a estas horas” (que non son festas, senón cousas molestas) ou con “Merquei unhas caralladas” (Cousas sen importancia e de pouco valor).

Ata a póxima! Agora imos de parranda...

O Fachineiro do home do saco

A nena de Rajoy e o vello de Feijoo

Quizais alguén lembre aquel debate de Zapatero e Rajoy no que este último acabou falando dunha nena para tocar a fibra sensible da audiencia. Foron unhas risas, porque soaba máis falso ca os billetes do Monopoly. Houbo un tempo en que Gayoso de Caixanova e Méndez de Caixa Galicia foron os amos do universo, un tempo no que facían e desfacían mesmo por encima do que dixese o Parlamento e con Feijoo asentindo coa cabeza coma os cadeliños dos coches dos anos 80. Agora Gayoso está no cárcere da Lama con outros directivos que non quixeron devolver un peso das carradas de cartos públicos que nos roubaron a todos e todas. Pero ese ladrón inmisericorde que mentres roubaba dicía que había que recortar os



soldos dos empregados públicos un 30%, para Feijoo é un velliño que vive unha situación dramática. Di que pensemos nos nosos pais ou avós que teñan esa idade. Non se acorda Feijoo dos avós da mesma idade que non poden pagar as receitas dos medicamentos, nin dos que non recibiron tratamento de hepatitis C, nin dos que agardan para operarse, nin dos que non reciben a axuda á dependencia ou a viron recortada, nin dos que fan a ruta do cancro. Son vellos de segunda. O vello que está no módulo de “respecto e convivencia” da Lama, xunto cos seus secuaces, foi recibido polo director da cadea. Que lle dean ese recibimento ao home do saco si que é dramático.